

1. Características da poesía épica.
2. O ciclo troiano.
3. Temática e ambiente.
4. Estrutura.
5. O heroe homérico: a areté
6. Os deuses.
7. A cuestión homérica.

1.-Características da poesía épica.

A literatura grega e polo tanto tamén a poesía épica defínese pola súa forma, non polo tema; así Hesíodo é o outro gran poeta épico heleno, posterior a Homero, que xa utilizaba a escritura e o primeiro en asinar a súa obra. As obras de ambos comezan cunha invocación á Musa e presentan a forma de series indefinidas de *hexámetros dactílicos*, o verso da épica.

Μῆνιν ἄειδε θεὰ Πηληϊάδεω Ἀχιλῆος

A poesía homérica fundaméntase na tradición oral e son os propios poemas os que nos dan información sobre este aspecto: o aedo é un cantor que se caracteriza pola súa profesionalidade, que percorre prazas e pazos para cantar as xestas dos guerreiros (κλέα ἄνδρων) do seu repertorio, acompañado dun instrumento de corda. Séculos máis tarde (s.VII) os aedos ou cantores convértense en rapsodas, que só recitan; é posible que Hesíodo fose xa un rapsoda, posto que as musas danlle un bastón, ῥαβδος, elemento co que se marcaba o ritmo.

O estudo da épica eslava fixo posible a comprensión da épica grega e o seu funcionamento:

- a.- Toda épica oral caracterízase pola **serie indefinida de versos**, en Homero, o hexámetro dactílico.
- b.- O autor non se basea nun texto memorizado, senón que vai **improvisando** sobre o “memorizado”.
- c.- Para a improvisación acode a un **repertorio de argumentos e temas** que aprende doutros cantores: asembleas, catálogos de naves e tropas, descrición de armas... dependendo do interese do público, amplía ou acurta.
- d.- Só é posible entender a creación literaria oral mediante a súa principal característica: a **dicción formular**, artellada manexando continuamente fórmulas. Unha formula é a repetición de palabras, sintagmas e, ás veces

mesmo incluso versos¹, que teñen un esquema métrico común. As fórmulas incorpóranse en tramos ou lugares de versos concretos, que son as cesuras. Unha fórmula ten que repetirse e aportar sempre o mesmo valor métrico, aínda que non sempre ocupe o mesmo lugar no verso. A fórmula máis frecuente é o **epíteto** ou mencións a personaxes divinos ou humanos que forman un repertorio ao que acode o poeta segundo as necesidades métricas, independentemente do contexto: as naves son rápidas, cóncavas ou negras; rápidas a pesares de levar dez anos varadas. Outras fórmulas son *Aquiles o de pés lixeiro*, *Aquiles linaxe de Zeus*, *Zeus altitonante*, *Zeus amoreador de nubes...* *πότνια μητηρ ποιμένα λαών Φοῖβος Ἀπόλλων* Teñen todos a mesma estrutura métrica: $\sim | \sim \sim - -$

e.- É unha **lingua artificial: pantópica e pancrónica**, é dicir, nela atopamos mesturados todos os dialectos, aínda que o xónico parece ser o orixinario e máis antigo, e palabras e morfemas que son de épocas moi diferentes, desde a reconstrución da F (digamma), xenitivo arcaico en -oio, ausencia de aumento... até o ático, máis regular. Son precisamente as fórmulas as que gardan mellor os arcaísmos, dos que xa en época clásica descoñecían ás veces o seu significado.

2.- O ciclo troiano.

Polo xeral a épica toma os temas das lendas heroicas, que adoitan referirse a feitos e personaxes históricos, pero que foron transformados pola imaxinación popular. Estas lendas organízanse no que se chaman ciclos épicos: conxunto de obras que xiran sobre un tema común. Encol da guerra de Troia produciuse unha concentración de lendas de heroes locais: Aquiles (de Ftía, en Tesalia), Odiseo (de Ítaca), Agamenón (de Micenas), Diomedes (de Etolia), Áyax Telamónida (de Salamina), Áyax Oiliada (de Lócride), etc. Todos eles intégranse na expedición a Troia, e, a partires de aquí as súas lendas interrelaciónanse.

Había na antiga Grecia, que se saiba, tres ciclos épicos:

- **ciclo tebano**: trataban sobre todo o relativo á cidade de Tebas, a súa fundación, a vitoria de Edipo sobre a esfinxe e matrimonio posterior, o desterro de Edipo, a loita dos seus fillos... Non conservamos poemas épicos, pero si traxedias.
- **ciclo troiano**: precedentes da guerra de Troia, triunfos de Aquiles, destrución de Troia (Ιλίου πέρσις), acontecementos posteriores á morte de Héctor...A Ilíada pertencería a este ciclo.

¹ A repetición de versos completos tamén facilita o labor. Por exemplo Hera di a Atenea: *"Fuxirán os arquivos ás súas casas, á súa terra, polo ancho dorso do mar e deixarán como trofeo para Príamo a argiva Helena..."* [...] Logo Atenea preséntase ante Odiseo e dille: *"Odiseo, fecundo en recursos: Fuxiredes os arquivos ás vosas casas, á vosa terra, nas naves de moitos bancos e deixaredes como trofeo para Príamo a arxiva Helena..."*

-**ciclo dos regresos** ou νόστοι: serían as aventuras dos heroes na súa volta á casa despois xa da guerra de Troia; o máis famoso, a Odisea.

3.-Temática e ambiente

O tema central da Ilíada, é un **episodio** que ocorre no décimo ano do asedio a Troia (Ilión): a cólera (μένιν, 1ª palabra do poema) de Aquiles fronte a Agamenón porque o deshonra deixándoo sen unha parte do seu botín, a escrava Briseida (lembremos que o botín é a materialización do recoñecemento dos demais, da gloria que se persegue); Aquiles retírase do combate o que ocasiona derrotas aos aqueos, xa castigados por Apolo cunha peste. Patroclo, amigo de Aquiles, sae a loitar coas armas deste, morrendo a mans do troiano Héctor. Aquiles entón decide volver a combater para vingarse, derrotando e matando a Héctor; durante días, aldraxa o seu cadáver. No penúltimo canto celébranse os xogos en honor a Patroclo; a obra remata co pranto de Príamo, pai de Héctor, ante Aquiles, que consinte en lle entregar o cadáver de Héctor.

Nos poemas homéricos crúzanse dous niveis históricos:

- a época na que ocorreron os acontecementos que se narran, a Idade do Bronce da época micénica. Os elementos que nos remiten aquí son sobre todo o referido a cultura material, como armas, carros...
- a época arcaica (sobre o 700 ou antes) que se reflicte no marco social e constitucional, a Grecia do oikos, a de grandes terratenentes nobres e unhas clases inferiores que aparecen só secundariamente, coma os criados e señores presentes sobre todo en metáforas e símiles².

O ambiente no que se sitúa a acción é un mundo de guerreiros aristócratas iguais (βασιλῆς), presidido por un soberano (ἄναξ) ou rei de reis, que se rexen por un código de honor que cobra significado nos combates singulares (os choques de masas de guerreiros só aparecen referido nas metáforas ou símiles) e nas asembleas de guerreiros. O pobo está totalmente subordinado ao aristócrata que pensa no seu benestar e sobre todo na súa gloria: a guerra é soamente un instrumento de riqueza e fama.

Hai un sentimento exacerbado do valor persoal e da destreza no combate como

² Na presenza de símiles podemos apreciar a grandeza poética do poeta, menos atado aquí a tradición. Serían símiles *"botaron a andar como os leóns no medio da negra noite"* (Il. 10.301) ou en (Il. 15. 362): Apolo derriba o muro dos aqueos coa facilidade coa que un meniño desbarata un castelo de area na praia; ou cuando Patroclo chorando, implora a Aquiles como cando una meniña turra da saia da súa nai para que a colla no colo (Il. 16.7).

medios para acadar a gloria imperecedoira, que é o que perseguen os heroes.

Neste mundo guerreiro valóranse ademais a elocuencia nas asembleas, a prudencia nas decisións, a astucia e a intelixencia práctica, pero chámanos a atención o alto aprecio dos lazos familiares, da amizade e da hospitalidade, que pode estar por riba da condición obrigada de inimigos no campo de batalla.

Neste mundo a acción humana e a acción divina non teñen límites claros: a vontade divina, que non ten por que ser xusta ou razoada, intervén continuamente na acción humana e prevalece sempre sobre a vontade humana.

Na Odisea, sustentada máis nos contos populares e obra na que predominan as aventuras, o comportamento da nobreza é máis reveladora das pautas de vida cotiá e doméstica. Do mesmo xeito, os valores dos guerreiros primitivos priman na Ilíada: o heroe é forte e valente, orientado polo honor; na Odisea é astuto e con habilidade práctica para salvar todas as dificultades.

Na Ilíada, guerreira e occidental, predomina unha sociedade aristócrata piramidal, como xa vimos; a Odisea, de aventuras e oriental, reflicte, sobre todo na actitude dos pretendentes os cambios sociais dunha nobreza rebelándose contra o rei para dar lugar a un novo réxime político (s. VII), a oligarquía.

4.- Estrutura

Como xa queda dito a Ilíada narra so os acontecementos que teñen lugar durante catro días dunha guerra que durou dez anos, concretamente a cólera de Aquiles, o máis valeroso dos guerreiros aqueos, humillado por Agamenón, caudillo da coalición. Tras o enfrontamento de ambos na asemblea, Aquiles por orde de Atenea, renuncia vingarse con sangue de Agamenón, pero abandona a loita contra os troianos e retírase ao seu campamento cos seus guerreiros. A instancias de Aquiles, a súa nai Tetis, logra de Zeus a promesa de que os troianos ameazarán de tal maneira os gregos que estes veranse obrigados a implorar a axuda do seu fillo. Chegado ese momento Aquiles séguese a negar a participar no combate; porén, accede a enviar a combate, coas súas armas ao seu camarada Patroclo. Patroclo, medrando coa victoria, intenta asaltar a propia Troia, momento no que morre a mans de Héctor. Aquiles, empurrado polo desexo de vinganza, volve a combate e mata a Héctor. Celébranse os funerais de Patroclo cuns xogos fúnebres na súa honra.

No canto XXIV: Aquiles aldraxa o cadáver de Héctor, deica a intervención dos deuses que lle obrigan a aceptar o rescate que lle ofrece Príamo, pai de Héctor e rei de Troia. Os dous inimigos choran xuntos e Aquiles concede once días de tregua para celebrar os funerais de Héctor. Remata a obra cos lamentos de Andrómaca, Hécuba e Helena, e coa queima do cadáver de Héctor.

Obra perfectamente estruturada (porén a división en vintecatro cantos non é orixinal): O canto I mostra a causa da cólera de Aquiles que traerá como consecuencia a morte de Héctor. O canto XVI, morte de Patroclo, é o punto de inflexión da obra. A unidade lógrase grazas á preparación, anticipación ou retardación dos feitos. Non obstante o canto X é considerado por moitos como unha interpolación.

5.- O héroe homérico: a ἀρετή.

Os heroes reproducen os esquemas e ideais da sociedade da época micénica.

O heroie homérico pertence a unha caste ilustre e nobre, e por esa soa razón posúe “areté” ou excelencia. Esta caste ás veces ascende até un mesmo deus, e son literalmente “semellantes a un deus” Son guerreiros capacitados e valentes que en tempo de guerra obteñen gloria imperecedoira (kléos afthiton) e en tempos de paz gozan das vantaxes que a súa condición lles proporciona. Non se requiren nin importan outras calidades éticas: os pretendentes de Penélope, a pesares do seu comportamento seguen a ser nobres, porque prevalecen os valores propios dunha sociedade guerreira; pode non ser un home prudente, nin xusto, pero segue sendo nobre (kalós kaì agathós).

As intencións importan menos que os resultados: fracasar é sempre vergoñento (aischrós).

Os feitos importan menos cás aparencias: importa a fama (kléos), pero, para tela, é preciso ser recoñecido por todos; o botín é o símbolo do recoñecemento público, da fama e a honra, de aí a importancia de verse privado del (Criseida e Briseida).

Na Ilíada só se nos mostra ós guerreiros no marco do campo de batalla polo que o ideal da excelencia (areté) é case exclusivo, feito que non sucede coa Odisea, máis próximo ó ideal de cabaleiros. Porén ás veces percibimos a importancia doutros valores, como o incumprimento da palabra dada, a importancia dos lazos familiares e de amizade, e ó contrario, a hybris (soberbia ou desprezo) que mostran algúns poderosos.

Con frecuencia nos combates trunfa a causa máis xusta, pero non sempre: os deuses favorecen a un ou outro heroie segundo sexa o seu parente, segundo lle agradasen máis ou menos os sacrificios. Non castigan ó opresor para favorecer á vítima da inxustiza; tampouco o inxusto vai ser castigado no máis alá (no Hades só se castigan os delitos contra os deuses). Só os fillos pagarán as faltas dos pais.

6.- Os deuses

- ✓ **Relixión aristocrática.** Non reflicten a época micénica: aínda que os poemas nos remontan á época micénica, o desciframento do lineal B ou micénico puxo de manifesto que son escasas as reminiscencias desta época aqueo-micénica, e sobre todo en relixión: era unha relixión ctónica, relacionada coa terra e a fertilidade polo que prevalecían as divindades

femininas; Zeus era un deus secundario e si estaba presente Dioniso, deus que non aparece en Homero. A influencia xónica neste tema, igual que en todo o que se refiren os poemas, é esencial: Falta o culto ós mortos, que si existía en Micenas (lémbrense as grandiosas tumbas e os enxovais atopadas nelas). A cremación é unha constante nos poemas; só ten sentido o culto ós mortos nunha sociedade asentada dende hai tempo no mesmo solo, cousa que non ocorre cos colonos xonios que se estableceron en época relativamente recente nas costas de Asia. Sucede aquí, como en tantas outras veces, que moitos trazos se sobrepoñen a elementos moito máis antigos. Cando apareza unha referencia de culto ós mortos, habemos de entendela como un *fósil cultural*. Polo tanto, Reflicten a sociedade da época escura ou posterior: son deuses de reis e caudillos: o papel de Zeus é semellante ó dun xefe ou patriarca de familias ou clans; viven en pazos sobre o Olimpo e posúen o seu territorio ou témenos: toda a terra é un inmenso témenos que se reparten tres irmáns: Zeus, Posidón e Hades. É polo tanto unha relixión aristocrática.

- ✓ Por todas partes **interveñen** nos poemas: a meirande parte das veces as escenas divinas son xustificación da acción; outras, as menos, unha pura descrición escenográfica, e case nunca, un exemplo máis alto de moral para os homes.
- ✓ Son **inmortais**. O grego arcaico ten un pensamento polar, isto é, baseado en contrarios; non concibe unha noción ou calidade doutro xeito que en contraposición ó seu correspondente termo oposto. Só así podemos entender os deuses homéricos. Os homes que comen os froitos da terra e están sometidos á morte, esixen un termo polarmente contraposto: os deuses que teñen forma, sentimentos e paixóns humanas pero que son inmortais e posúen un poder sobrehumano que os fai superiores ó home en forza, beleza e intelixencia. A inmortalidade dos deuses é froito dun réxime alimenticio especial: comen ambrosía, literalmente, inmortalidade, e beben néctar.
- ✓ Ademais de inmortais, os deuses son κρείσσονες **"os fortes"**, fronte ós seres humanos. Toda calidade que converte o home nun ser superior provén dos deuses: a beleza de Paris, a forza de Áiax ou de Aquiles. Tamén aquelas calidades coas que ocasionalmente praxe ós deuses gratificar ós homes, como a forza que infunden ós seus favoritos nos momentos decisivos do combate. Así, aínda que o termo "semellante ós deuses" é un epíteto ornamental, atribúese a un home a quen un deus lle transmitiu a súa forza en forma de calidade sobresaliente.

- ✓ **Levan unha existencia gozosa** (son felices). Ao lado trágico da existencia humana, está a existencia gozosa dos Olímpicos. Tal e como viven (ὅττι ζῶντες, doadamente) así tamén actúan: a dura guerra é para eles insignificante, menos importante ca un dos seus banquetes diarios. A indiferenza dos Olímpicos non é senón a expresión ferinte da súa divindade.
- ✓ **Antropomórficos**. O antropomorfismo dos deuses homéricos está levado ás súas máximas consecuencias (aspecto físico pero tamén moral), implica a atribución ós deuses de imperfeccións humanas, pero tamén eleva ó home. Cando actúan como deuses individuais, compórtanse igual cós heroes homéricos: vínganse (por exemplo, dos aqueos que ofenden a Apolo na persoa do seu sacerdote), obrar polos mesmos motivos cós homes (Aquiles encolerízase contra Agamenón porque o priva da súa parte do botín de guerra e Ártemis castiga a Eneas porque a priva da súa parte no sacrificio). Da mesma forma que os homes se deixan convencer tamén eles a cambio de libacións e da graxa das vítimas o fan. No canto V Diomedes fire incluso a Afrodita e a Ares! En todo caso esta é a característica máis importante. Case sempre se manifestan baixo forma humana, e non como fenómenos da natureza (chuvia, luz, trono) cos que se relacionan. Os que conservan este primitivo carácter, de forte conexión natural, atópanse totalmente limitados, non son persoas divinas libres (así Helios, o Soño ou o deus río Escamandro). Consecuentemente as personificacións non son moi frecuentes en Homero.
- ✓ Os deuses **non poden alterar o curso do destino do home arbitrariamente**: Posidón, que sabe que o destino de Ulises é regresar a Ítaca, o único que pode facer é retrasar a súa volta. Zeus non pode salvar ó seu fillo Sarpedón, nin a Héctor. Zeus pesa os destinos de aqueos e troianos e a balanza é un instrumento fóra da vontade do que pesa. Cando actúan como corpo colectivo, pola contra, os deuses garanten a orde decretada polo destino e castigan a súa transgresión.
- ✓ Non hai nos poemas unha concepción determinista da vida posto que hai personaxes aos que os deuses lles indican que é o que teñen que facer e nembargantes non o cupren. Mesmo cando os troianos e os aqueos deciden parar a guerra e resolvela cun singular combate entre os interesados, os deuses deciden intervir porque decretaran xa a perda de Troia; a pesar de que Atenea persuade a Pándaro para que dispare contra Menelao rompendo así a tregua, Pándaro é responsable da ruptura, e ademais xa existe unha razón para que os troianos perdan,

engadida ó delito de Paris.

- ✓ A familia dos deuses olímpicos estaba xa constituída en Homero, pero sen esquecer que o Dionisos que aparecía xa nas taboíñas micénicas, non se sabe por que razón, non aparece aquí.

7.- A cuestión homérica.

Non temos datos seguros da existencia de Homero. Moitos estudosos sitúano nas colonias Xonias de Asia Menor (Esmirna, Quíos?) nunhas datas indeterminadas, aínda que a que máis se manexa é a finais do s. VIII a. C.

Dende moi cedo atribuíronselle moreas de obras; agora admitimos, como moito a súa autoría para Ilíada e Odisea, o que nos leva á cuestión homérica que arrinca xa na Antigüidade: en que medida a epopea homérica é a obra dun autor ou é o resultado dun conglomerado de diversas e breves composicións tradicionais e orais, e en que momento os textos se fixan por escrito.

Os estudosos divídense entre unitarios, facendo fincapé na existencia dun autor que crea os dous poemas ao completo, agás algunha interpolación; e os analistas, que dan máis importancia ao conxunto de aedos que deberon ir compoñendo, ampliando arredor dun tema central e reformando os poemas.

Nos últimos tempos predomina a tese de que, de ter existido Homero, non podería ser o autor das dúas obras, sendo a Odisea máis tardía.